

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Renda e Exaccións

*Aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal nº1 reguladora do imposto sobre bens inmobles (IBI)*

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 18 de xullo de 2024, tomou, entre outros, o acordo de aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal nº1 reguladora do imposto sobre bens inmobles (IBI).

Publicáronse anuncios de exposición pública no taboleiro de edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia nº 144, de 29 de xullo de 2024 e en “La Voz de Galicia” de 26.07.2024, e non presentándose reclamacións durante o prazo conferido ao efecto, enténdese elevada a definitiva a aprobación provisional da Ordenanza, tal e como se sinalaba no anuncio previo de exposición pública. Isto de conformidade co artigo 17.3 do Texto refundido da lei de facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo.

Polo tanto, segundo o disposto no artigo 17.4 do indicado texto refundido, procédese á publicación do acordo elevado a definitivo e do texto íntegro da ordenanza fiscal definitivamente aprobada para a súa entrada en vigor.

RECURSOS PROCEDENTES: Contra a aprobación definitiva da modificación da ordenanza, poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do T.S.X. de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (arts 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

#### ORDENANZA FISCAL Nº 1 (TEXTO ÍNTEGRO)

##### ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI)

###### Artigo 1.-

O Imposto sobre Bens inmobles esixirase neste Concello de conformidade co disposto nos artigos 60 a 77 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aplicándose sobre ditas disposicións os elementos determinantes da cota tributaria que se regulan nos artigos seguintes da presente Ordenanza fiscal.

###### Artigo 2.- Tipos de gravame

1. O tipo de gravame aplicable os bens inmobles urbanos queda fixado no 0,40 por cento.
2. O tipo de gravame aplicable os bens inmobles de carácter rústico queda fixado no 0,65 por cento.
3. O tipo de gravame aplicable os bens inmobles de características especiais será o seguinte:

Grupo	Denominación	Tipo impositivo (%)
A	Grupo de Bens destinados a produción de enerxía eléctrica, gas e refino de petróleo, e as centrais nucleares	1,3
B	Presas, saltos de auga e encoros, incluídos o seu leito ouu vaso, agás os destinos exclusivamente ó rego	1,3
C	Autoestradas, estradas e túneles de peaxe	1,3
D	Aeroportos e portos comerciais	1,3

###### Artigo 3. Exencións

- 3.1. Exención por criterios de eficiencia e economía.

Ao abeiro do disposto no artigo 62.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establececese unha exención a favor dos bens inmóbeis rústicos nos que a cota tributaria líquida non exceda de cinco euros.

### 3.2. Exención a favor dos bens que sexan titulares os centros sanitarios.

Ao abeiro do disposto no artigo 62.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e unha vez asinado o convenio entre este Concello e a Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), de cesión da titularidade dos centros sanitarios de titularidade pública ao SERGAS, existentes no Concello de Arteixo, establecerase unha exención a favor de ditos bens, sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos citados centros.

Aos efectos anteriores, por esta Administración emitirase un certificado acreditativo da situación descrita no punto anterior.

#### Artigo 4.- Bonificación a favor de suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa

1. Establécese unha bonificación do 90 por cento sobre a cota tributaria íntegra aplicable ós Bens inmobles de carácter residencial destinados a vivenda habitual e nos que figure como suxeito pasivo quen ostente a condición de titular dunha familia numerosa, sempre que se cumpran ademais os seguintes requisitos:

- Que a suma dos valores catastrais de tódolos bens inmobles sitos no termo municipal de Arteixo, dos que sexan suxeitos pasivos o titular da familia numerosa ou algún dos membros da mesma, non exceda de 100.000 euros.
- Que a renda dispoñíbel da unidade familiar, tendo en conta o número de membros da mesma, non exceda dos límites que figuren na columna dereita do seguinte cadro:

Nº membros unidade familiar	Importe máximo de renda dispoñíbel (€)
Ata 3	20.000,00
4	30.000,00
5	35.000,00
6	39.000,00
7	42.000,00
8	44.000,00
9 ou máis	45.000,00

2. Para os efectos da aplicación do cadro anterior, considérase renda dispoñíbel a suma das bases impositíbeis dos membros da unidade familiar que obteñan rendas suxeitas ó Imposto sobre a renda das persoas físicas.

3. Os suxeitos pasivos que, cumprindo cos requisitos establecidos no apartado anterior, pretendan desfrutar da bonificación, deberán presentar a correspondente solicitude dirixida ao Excmo. Sr. Presidente da Deputación de A Coruña, ata o 31 de decembro do ano anterior ao período impositivo no que pretendan que produza efectos. Xuntamente co escrito deberase achegar a seguinte documentación:

- Copia compulsada do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.
- Certificado de empadramento do titular da familia numerosa, referido a situación existente a 31 de decembro do ano inmediato anterior, no que consten os membros da unidade familiar que conviven no inmovible para o que se solicita a bonificación.
- Copia compulsada das derradeiras declaracións do Imposto sobre a Renda das persoas físicas presentadas polo titular da familia numerosa e, no seu caso, por cada un dos membros da unidade familiar que obteña rendas suxeitas ó referido imposto. No caso de non estar obrigados a presentar declaración da Renda, aportarán certificado no que conste que non se ten presentado a mesma e nóminas, certificados de retencións ou calquera outro documento que serva para a determinación da renda dispoñíbel.

4. Á vista da documentación presentada, a Excmo. Deputación ditará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida só producirá efectos para o período impositivo no que se insta a súa concesión, debendo solicitarse a súa prórroga nos seguintes períodos impositivos, aportando de novo a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos para o seu disfrute.

En calquera caso, a presentación da solicitude fóra do prazo establecido no apartado 3 anterior, dará lugar a súa inadmisión e a conseguinte denegación da bonificación instada.

**Artigo 5.- Bonificación para os inmobles que constitúan o obxecto da actividade de empresas de urbanización, construción ou promoción inmobiliaria.**

1. Terán dereito a unha bonificación do 50 por cento sobre o cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade de empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova coma de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

2. O prazo de aplicación desta bonificación abranguerá desde o período impositivo seguinte ó correspondente ó inicio das obras e ata o posterior ó remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, sen que, en ningún caso, a bonificación poida aplicarse a máis de tres períodos impositivos.

3. Para o desfrute desta bonificación, os interesados deberán presentar escrito dirixido ó Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de A Coruña durante o ano correspondente ó inicio das obras, debendo achegar a seguinte documentación:

- Copia do recibo do Imposto sobre bens inmobles, correspondente ó inmovible que se refire a solicitude de exención. No caso de que non se dispoña do mesmo, certificación expedida pola Xerencia territorial do Catastro de A Coruña-Provincia, no que se faga constar a referencia catastral do referido inmovible.
- Certificado da concesión da preceptiva licenza municipal que autorice a realización das obras.
- Certificación do Técnico-Director das obras de construción, visado polo Colexio Oficial competente, no que se indique a data de inicio das obras.
- Documentación que acredite que o inmovible para o que se solicita a bonificación non figura entre os bens do inmovilizado da empresa: cédula de cualificación provisional, no caso de vivendas de protección oficial, fotocopia do derradeiro balance de situación presentado ante Facenda ou certificación do censor xurado de contas, no que se faga constar tal circunstancia.
- Documentación pola que se acredite que os inmobles ós que afectan as obras constitúe o obxecto da empresa de urbanización, construción ou promoción inmobiliaria: fotocopia dos Estatutos sociais ou fotocopia da declaración de alta no Imposto sobre Actividades Económicas.

4. Á vista da documentación presentada, a Excmo. Deputación Provincial ditará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida só producirá efectos para o período impositivo seguinte ó inicio das obras, debendo solicitarse expresamente a súa prórroga para os dous períodos impositivos seguintes, achegando a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos establecidos anteriormente. En calquera caso, a presentación da solicitude fóra do prazo establecido no apartado 3, dará lugar a inadmisión da mesma e a conseguinte denegación da bonificación.

**Artigo 6.- Bonificación a favor de inmobles nos que se desenrolen actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal.****Apartado 6.1**

Ao abeiro do disposto no artigo 74.2 quáter do R.D. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, terán dereito a unha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles de natureza urbana ou rústica nos que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrícolas e/ou gandeiras pertencentes ao sector primario e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros. O acordo plenario adoptado se remitirá á Excmo Deputación Provincial da Coruña para aplicación do beneficio fiscal que proceda.

A bonificación terá carácter rogado e xurdirá efectos a partir do período impositivo seguinte ó da presentación da solicitude, sen carácter retroactivo.

Para poder gozar desta bonificación, o suxeito pasivo deberá de ser necesariamente o titular da explotación, debendo xustificala e, en todo caso, achegar a seguinte documentación:

- Certificado de Facenda no que conste a situación censual de alta na actividade, do solicitante.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
- Certificado de non ter débedas coa Facenda estatal, autonómica e local, nin coa Seguridade Social
- Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza de actividade correspondente.
- Xustificante de que os rendementos vinculados á explotación constitúen a fonte principal de ingresos do suxeito pasivo.

- Compromiso por parte do titular da actividade de que non se producirá o peche da explotación no prazo dos tres anos seguintes á concesión da bonificación. O goce definitivo da presente bonificación queda condicionado a este compromiso.

Solo se beneficiarán da bonificación os inmobles dedicados única e exclusivamente á explotación agrícola e/ou gandeira, sen outros usos como pode ser o de vivenda.

O xustificante de que os rendementos vinculados á explotación constitúen a principal fonte de renda da persoa ou entidade que desenrole a actividade agrícola ou gandeira, considerando cumprido dito requisito cando os ingresos derivados das citadas actividades representen máis do 50% do volume total de ingresos do contribuínte, suxeitos a tributación no IRPF ou no imposto de Sociedades correspondente ao último exercicio cuxo prazo de declaración estivese vencido.

O xustificante de ingresos será a declaración do IRPF ou a declaración do Imposto de Sociedades, e para o caso de contribuíntes non obrigados a declarar no IRPF, aportarse certificación da AEAT de non ter presentado a declaración e os datos fiscais emitidos pola AEAT do exercicio que corresponda.

Unha vez concedida a bonificación, deberá solicitarse expresamente a súa prorroga para o exercicio seguinte, por parte do solicitante deste beneficio fiscal, achegando a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos establecidos anteriormente.

A presente bonificación producirá efectos dende o exercicio seguinte ao da presentación da solicitude por parte do suxeito pasivo.

#### **Artigo 7. Bonificación para os inmobles nos que se teñan instalado sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía provinte do sol.**

Gozarán dunha bonificación do 50% da cota, durante os tres períodos impositivos seguintes ao de finalización da obra xustificada co certificado requirido no punto 2, os inmobles de carácter residencial que constitúan a vivenda habitual dos suxeitos pasivos, con independencia de cómo figure rexistrado o uso do inmovible no Catastro Inmobiliario, e cos seguintes requisitos:

**7.1.** Cando os inmobles tiveran instalado sistemas para o aproveitamento térmico o eléctrico da enerxía provinte do sol, será requisito necesario conseguir, coa enerxía anteriormente mencionada, un aforro mínimo de enerxía primaria non renovable do 30 % con respecto ao certificado da eficiencia enerxética do edificio/inmovible actual, sendo necesario para a obtención da bonificación que se solicite a seguinte documentación:

1. Comunicación de obra menor ou licenza de obras segundo corresponda.
2. Certificado detallado emitido e asinado polo técnico competente (autor do proxecto/director das obras), no cal declare e certifique que cumpran a normativa e disposicións legais de aplicación, e que as instalacións e os sistemas ou medidas correctoras empregadas funcionan con plena eficacia e seguridade.
3. Certificado enerxético do estado final da actuación o cal terá que ser inscrito no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios de Galicia (RGEED).
4. Xustificación da inscrición no rexistro de instalacións de autoconsumo na Consellería de Industria.
5. Empadramento do suxeito pasivo no inmovible obxecto da solicitude.
6. Estar o corrente das súas obrigas tributarias co Concello no momento da concesión da bonificación.

A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola administración competente.

**7.2.** Á vista da documentación presentada, a Excmá Deputación ditará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida producirá efectos dende o período impositivo seguinte a súa solicitude. En calquera caso, a presentación da solicitude fóra de prazo establecido no apartado 7.3. dará lugar a súa inadmisión e conseguinte denegación da bonificación instada.

**7.3.** Estas bonificacións terán carácter rogado. Os suxeitos pasivos que cumprindo os requisitos establecidos neste artigo 7 pretendan desfrutar da bonificación, deben presentar a correspondente solicitude dirixida á Excmá Deputación Provincial de A Coruña, ata o 31 de decembro do ano anterior ao período impositivo no que pretenda que produza efectos.

**7.4.** A bonificación regulada neste artigo 7 é incompatible con outros beneficios fiscais regulados nesta ordenanza fiscal.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA. Bonificación aos inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas de especial interese municipal, por concorrer circunstancias que poñan de manifesto a creación de emprego.**

Os inmobles declarados de especial interese ou utilidade pública por concorrer circunstancias de fomento de emprego, gozarán da bonificación establecida mediante acordo do Pleno do 9 de abril de 2019 (BOP nº 115, do 19 de xuño de 2019) nos termos previstos no artigo 6, na súa redacción en vigor no momento de obter a dita declaración.

Para estes efectos, deberase comunicar o remate das obras ou instalacións, e aplicarase o beneficio fiscal nos tres primeiros anos do exercicio da actividade.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 30 de xaneiro de 1997.

Foi modificada segundo acordo plenario de data 6 de setembro de 2001, 18 de xullo de 2002, 4 de setembro de 2003, 28 de outubro de 2004, 28 de xullo de 2005, 28 de setembro de 2006, 27 de setembro de 2007 e 4 de setembro de 2008, 26 de febreiro de 2009, 29 de setembro de 2016, 9 de abril de 2019 e 27 de outubro de 2022.

A presente modificación foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 18 de xullo de 2024, entrando en vigor a partir do día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, comezándose a aplicar a partir de 1 de xaneiro de 2025, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Arteixo, 23 de setembro de 2024

Asina dixitalmente na data do documento electrónico: Emilio Maceiras López

(Concelleiro de economía e facenda).

2024/6675